



Expte.: 2017/C004/000001

Asunto: contrato de servizos de prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación dunha brigada de prevención e defensa

Expte.: 2017/C004/000001Asunto: contratación administrativa do servizo denominado **“PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS MEDIANTE A ACTUACIÓN DUNHA BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA”****CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO**

ADMINISTRACIÓN CONTRATANTE: CONCELLO DE CEDEIRA	Órgano de Contratación: Xunta de Goberno Local	Número de Expediente	2017/C004/000001
		Tipo de Procedimento	NEGOCIADO
		Publicidade:	NON
		Tipo de Contrato:	SERVIZOS
		Tramitación:	ORDINARIA
		Criterios Adxdicación:	VER PREGO
0. REGULACION HARMONIZADA	a) contrato non suxeito a regulación harmonizadaX b) contrato suxeito a regulación harmonizada		
1. PROXECTO	PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS MEDIANTE A ACTUACIÓN DUNHA BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA		
1.bis. CODIFICACIÓN	A. Clasificación Nacional de productos por Actividades (CPV-2008)	Outros Servizos-Anexo II RDL 3/2011.	
2. PRESUPOSTO	A) Obras anuais SI	PREZO SEN IVE: 32.685,95 € IVE: 6.864,05 € PREZO CON IVE: 39.550,00 €	
	B) Obras Plurianuais NON		
3. APLICACIÓN PRESUPOSTARIA	136.227.99		
4. PRAZO DE EXECUCIÓN	TRES MESES		
	REDUCCIÓN DE PRAZO COMO CRITERIO DE VALORACIÓN: <input type="checkbox"/> aplicable no presente prego: NON		
5 CLASIFICACIÓN	NON SE ESIXE		
6. LUGAR DE PRESENTACIÓN	REXISTRO XERAL DO CONCELLO DE CEDEIRA NOS TERMOS DO ART. 16.4 DA LEI 39/2015, DO 01 DE OUTUBRO, DO PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN DAS ADMINISTRACIÓN S PÚBLICAS, E SEDE		

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente Prego de cláusulas foi aprobado mediante a Resolución de Alcaldía núm. / 2017 de 12 de xullo.
Cedeira, 12 de xullo de 2017
A secretaria,
Ana Velo Ruiz



Expte.: 2017/C004/000001

Asunto: contrato de servizos de prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación dunha brigada de prevención e defensa

	ELECTRÓNICA (https://sede.cedeira.es)
7. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS	OITO DÍAS NATURAIS A CONTAR DESDE O DÍA SEGUINTE AO DA PUBLICACIÓN DA LICITACIÓN NO PERFIL DE CONTRATANTE
8. PERFIL DE CONTRATANTE	8.1 Dirección páxina web: www.contratosdegalicia.es
	8.2 PUBLICACIÓN ADXUDICACIÓN: PERFIL DE CONTRATANTE PUBLICACIÓN FORMALIZACIÓN: PERFIL DE CONTRATANTE
9. GARANTÍA DEFINITIVA	5 % DO PREZO DO CONTRATO SEN IVE
10. REVISIÓN DE PREZOS	NON PROCEDE REVISIÓN DE PREZOS

**OUTROS DATOS:
INFORMACIÓN**

PERFIL DE CONTRATANTE:www.contratosdegalicia.es

TELÉFONO:981 480000

CORREO ELECTRÓNICO:correo@cedeira.es

OBSERVACIÓNS:

Deberá constar o CIF da empresa nos sobres presentados.

O responsable do contrato, nos termos do art. 52 del TRLCSP, será Don Manuel Pérez Riola, Concelleiro-Delegado de Medio Rural.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente Prego de cláusulas foi aprobado mediante a Resolución de Alcaldía núm. / 2017 de 12 de xullo.
Cedeira, 12 de xullo de 2017
A secretaria,
Ana Velo Ruiz



Expte.: 2017/C004/000001

Asunto: contrato de servizos de prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación dunha brigada de prevención e defensa

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES

CLÁUSULA PRIMEIRA. Obxecto e cualificación

O obxecto do contrato é a realización do servizo “PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS MEDIANTE A ACTUACIÓN DUNHA BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA” cuxa codificación é CPV : Outros Servizos-Anexo II RDL 3/2011.

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de servizos, tal e como establece o artigo 10 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

CLÁUSULA SEGUNDA. Procedemento de selección e adjudicación

A forma de adjudicación do contrato do servizo de “Prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación dunha brigada de prevención e defensa” será o procedemento negociado sen publicidade, no que a adjudicación recaerá no licitador xustificadamente elixido polo órgano de contratación, tras efectuar consultas con diversos candidatos e negociar as condicións do contrato con un varios deles, de acordo co artigo 169.1 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Non será necesario dar publicidade ao procedemento para asegurar a concorrencia; é dicir, será necesario solicitarlles ofertas, polo menos, a tres empresarios capacitados para a realización do obxecto do contrato, sempre que iso sexa posible, sen prexuízo da publicación do correspondente anuncio no perfil de contratante, segundo a modalidade elixida no cadro de características do contrato.

CLÁUSULA TERCEIRA. Perfil do contratante

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, este concello conta co perfil do contratante, ao que se terá acceso segundo as especificacións que se regulan na seguinte páxina web: www.contratosdegalicia.es

CLÁUSULA CUARTA. Importe do contrato

O importe deste contrato ascende á contía de 32.685,95 € euros que se lle engadirá o imposto sobre o valor engadido por valor de 6.864,05 € € euros, o que supón un total de 39.550,00€ euros.

O valor estimado do contrato ascende á contía 35.685,95 euros (IVE excluído), tendo en conta as súas posibles prórrogas e modificacións.

O importe aboarase con cargo á aplicación orzamentaria 136.227.99 do vixente orzamento municipal; xa que existe crédito abondo ata o importe aprobado polo Concello e queda acreditada a plena dispoñibilidade das achegas que permiten financiar o contrato.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente Prego de cláusulas foi aprobado mediante a Resolución de Alcaldía núm. / 2017 de 12 de xullo.
Cedeira, 12 de xullo de 2017
A secretaria,
Ana Velo Ruiz



Expte.: 2017/C004/000001

Asunto: contrato de servizos de prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación dunha brigada de prevención e defensa

CLÁUSULA QUINTA. Duración do contrato

A duración do contrato de servizo será de tres meses, con efectos desde a data de inicio do servizo.

CLÁUSULA SEXTA. Acreditación da aptitude para contratar

Poderán presentar proposicións as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, que non estean incursas en prohibicións para contratar e que acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

1. A **capacidade de obrar** dos empresarios acreditarase:

a) Dos empresarios que sexan **persoas xurídicas**, mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, en que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, se é o caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

b) Dos empresarios **non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea**, pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

c) **Dos demais empresarios estranxeiros**, co informe da misión diplomática permanente de España no Estado correspondente ou da oficina consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2. A proba, por parte dos empresarios, de **non estaren incursos** nalgunha das **prohibicións para contratar** do artigo 60 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, poderá realizarse:

a) Mediante un testemuño xudicial ou unha certificación administrativa, segundo os casos. Cando o dito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, poderá ser substituído por unha declaración responsable outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado.

b) Cando se trate de **empresas de Estados membros da Unión Europea** e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por unha declaración responsable, outorgada ante unha autoridade xudicial.

3. A **solvencia do empresario**

3.1. A **solvencia económica e financeira** do empresario poderá acreditarse por un ou varios dos seguintes medios:

a) Volumen anual de negocios, ou ben volumen anual de negocios no ámbito ao que se refira o contrato, que referido ao ano de maior volumen de negocio dos tres últimos concluídos deberá ser a lo menos unha vez e media o valor estimado do contrato cando a súa duración non sexa superior a un ano, e a lo menos unha vez e media o valor anual medio do contrato si a súa duración é superior a un ano. O volumen anual de negocios do licitador ou candidato acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, si o empresario estivera inscrito en dito rexistro, e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito. Os

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente Prego de cláusulas foi aprobado mediante a Resolución de Alcaldía núm. / 2017 de 12 de xullo.
Cedeira, 12 de xullo de 2017
A secretaria,
Ana Velo Ruiz



Expte.: 2017/C004/000001

Asunto: contrato de servizos de prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación dunha brigada de prevención e defensa

empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volumen anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

b) Xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais vixente ata o fin do prazo de presentación de ofertas, por importe non inferior ao valor estimado do contrato, así como aportar o compromiso da súa renovación ou prórroga que garante o mantemento da súa cobertura durante toda a execución do contrato. Este requisito entenderase cumprido polo licitador ou candidato que inclúa coa súa oferta un compromiso vinculante de suscripción, no caso de resultar adxudicatario, do seguro esixido, compromiso que deberá facer efectivo dentro do prazo de dez días hábiles ao que se refire o art.151.2 do TRLCSP.

A acreditación deste requisito efectuarase por medio de certificado expedido polo asegurador, no que consten os importes e riscos asegurados e a data de vencimento do seguro, e mediante o documento de compromiso vinculante de suscripción, prórroga ou renovación do seguro, nos casos en que proceda.

c) Patrimonio neto, ou ben ratio entre activos e pasivos, ao peche do último exercicio económico para o que esté vencida a obrigaçión de aprobación de contas anuais por un importe que deberá ser a lo menos unha vez e media o valor estimado do contrato cando a súa duración non sexa superior a un ano, e a lo menos unha vez e media o valor anual medio do contrato si a súa duración é superior a un ano.

A acreditación documental da suficiencia da solvencia económica e financeira do empresario se efectuará mediante a aportación dos certificados e documentos que para cada caso se determinen regramentariamente. En todo caso, a inscrición no Registro Oficial de Licitadores y Empresas Clasificadas de las Administraciones Públicas acreditará fronte a todos los órganos de contratación del sector público, a tenor do en él reflexado e salvo proba en contrario, as condicións de solvencia económica e financeira do empresario.

3.2. Nos contratos de servizos, a **solvencia técnica** dos empresarios acreditarase a lo menos por dous dos seguintes medios:

a) Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos cinco anos que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, destes. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, na falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario; se é o caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

b) Indicación do persoal técnico ou das unidades técnicas, integradas ou non na empresa, participantes no contrato, especialmente aqueles encargados do control de calidade.

c) Descrición das instalacións técnicas, das medidas empregadas polo empresario para garantir a calidade e dos medios de estudo e investigación da empresa.

d) Cando se trate de servizos ou traballos complexos ou cando, excepcionalmente, deban responder a un fin especial, un control efectuado polo órgano de contratación ou, en nome deste, por un organismo oficial ou homologado competente do Estado en que estea establecido o empresario, sempre que medie acordo do dito organismo. O control versará sobre a capacidade técnica do empresario e, se for necesario, sobre os medios de estudo e de investigación de que dispoña e sobre as medidas de control da calidade.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente Prego de cláusulas foi aprobado mediante a Resolución de Alcaldía núm. / 2017 de 12 de xullo.
Cedeira, 12 de xullo de 2017
A secretaria,
Ana Velo Ruiz



Expte.: 2017/C004/000001

Asunto: contrato de servizos de prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación dunha brigada de prevención e defensa

e) As titulacións académicas e profesionais do empresario e do persoal directivo da empresa e, en particular, do persoal responsable da execución do contrato.

f) Nos casos adecuados, indicación das medidas de xestión ambiental que o empresario poderá aplicar ao executar o contrato.

g) Declaración sobre o cadro de persoal medio anual da empresa e a importancia do seu persoal directivo durante os tres últimos anos, xunto coa documentación xustificativa correspondente.

h) Declaración en que se indiquen a maquinaria, material e equipo técnico de que se disporá para a execución dos traballos ou prestacións, á cal se xuntará a documentación acreditativa pertinente.

i) Indicación da parte do contrato que o empresario ten eventualmente o propósito de subcontratar.

CLÁUSULA SÉTIMA. Presentación de ofertas e documentación administrativa

As ofertas presentaranse no Concello, na Rúa Real, número 15, en horario de atención ao público, no prazo de OITO (8) DÍAS naturais a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no Perfil de contratante, segundo a modalidade elixida de acordo co indicado no epígrafe 7 do cadro de características do contrato.

As ofertas poderán presentarse por correo, por telefax ou por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, en calquera dos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Cando se envíen as proposicións por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciarlle ao órgano de contratación a remisión da oferta o mesmo día mediante un télex, fax ou telegrama que consigne o número de expediente, o título completo do obxecto do contrato e o nome do candidato.

A acreditación da recepción do referido télex, fax ou telegrama realizarase mediante unha dilixencia redactada o mesmo día polo secretario municipal. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos, non será admitida a proposición se o órgano de contratación a recibe despois da data de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, unha vez transcorridos os dez días seguintes a esa data sen que se recibise a documentación, esta non será admitida.

Os medios electrónicos, informáticos e telemáticos utilizables deberán cumprir, ademais, os requisitos establecidos na disposición adicional décimo sexta do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Cada candidato non poderá presentar máis dunha oferta sen prexuízo do establecido nos artigos 147 e 148 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro. Tampouco poderá subscribir ningunha oferta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurase en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas subscritas por el.

A presentación dunha oferta supón a aceptación incondicional polo empresario das cláusulas deste prego.

As proposicións para participar na licitación presentaranse en dous sobres pechados, asinados polos candidatos e con indicación do domicilio para os efectos de notificacións, nos que se fará constar a denominación do sobre e a lenda "Oferta para a contratación do servizo de Prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación dunha brigada de prevención e defensa". A denominación dos sobres é a seguinte:

— Sobre «A»: Documentación administrativa.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente Prego de cláusulas foi aprobado mediante a Resolución de Alcaldía núm. / 2017 de 12 de xullo.
Cedeira, 12 de xullo de 2017
A secretaria,
Ana Velo Ruiz



Expte.: 2017/C004/000001

Asunto: contrato de servizos de prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación dunha brigada de prevención e defensa

— **Sobre «B»: Oferta económica.**

Os documentos que se deben incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias autenticadas, conforme a lexislación en vigor.

Dentro de cada sobre incluíranse os seguintes documentos, así como unha relación numerada deles:

SOBRE «A»

DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA

A documentación que se sinala deseguido, segundo o establecido no art. 146.4 do TRLCSP, será substituída por unha **DECLARACIÓN RESPONSABLE DO LICITADOR INDICANDO QUE CUMPRE COAS CONDICIÓN S ESTABLECIDAS LEGALMENTE PARA CONTRATAR COA ADMINISTRACIÓN, segundo o ANEXO I** deste prego.

O órgano de contratación, en orde a garantir o bo fin do procedemento, poderá recabar, en calquera momento anterior á adopción da proposta de adxudicación, que os licitadores aporten documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser adxudicatario do contrato.

No caso de que a documentación se presente por varios empresarios que formen unha unión temporal, cada un deles deberá cubrir o Anexo I, incluíndo ademais unha declaración responsable suscrita por quen afirme representar a cada unha das empresas, na que figurarán:

-O nome e circunstancias de cada un dos que a constitúen

-A participación de cada un na unión a constituír

-A asunción do compromiso de constituírse formalmente en unión temporal no caso de resultar adxudicatarios do contrato.

-O representante ou apoderado único da unión con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato se deriven ata a extinción do mesmo.

a) Os documentos que acrediten a personalidade xurídica do empresario.

b) Os documentos que acrediten a representación.

— Os que comparezan ou asinen proposicións en nome doutro presentarán unha copia notarial do poder de representación, cuxa suficiencia será verificada polo secretario da corporación.

— Se o candidato é unha persoa xurídica, este poder deberá estar inscrito no Rexistro Mercantil, cando sexa esixible legalmente.

— Do mesmo xeito, a persoa co poder verificado para os efectos de representación deberá achegar unha fotocopia ou testemuño notarial do seu documento nacional de identidade.

c) Unha declaración responsable de non estar incurso nunha prohibición de contratar das recollidas no artigo 60 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Esta declaración incluírá a manifestación de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba ser presentada, antes da adxudicación, polo empresario a favor do cal se vaia efectuar esta.

d) Os documentos que xustifiquen o cumprimento dos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

Se a empresa está pendente de clasificación, deberase achegar o documento acreditativo de ter presentado a correspondente solicitude para isto, e deberase xustificar estar en posesión da clasificación esixida no prazo previsto nas normas de desenvolvemento do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente Prego de cláusulas foi aprobado mediante a Resolución de Alcaldía núm. / 2017 de 12 de xullo.
Cedeira, 12 de xullo de 2017
A secretaria,
Ana Velo Ruiz



Expte.: 2017/C004/000001

Asunto: contrato de servizos de prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación dunha brigada de prevención e defensa

e) De ser o caso, un enderezo de correo electrónico en que realizar as notificacións.

f) Unións temporais de empresas.

Para o caso de que se presente unha unión temporal de empresas indicaranse os nomes, circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírse formalmente en UTE no caso de resultar adxudicatarias de conformidade co art. 59 do TRLCSP e o establecido no presente prego.

g) Declaración de empresas vinculadas.

No suposto de que a empresa concorra á licitación con empresas pertencentes a un mesmo grupo, nos termos a que se refire o art. 145 do TRLCSP, presentarse necesariamente unha declaración indicando esta circunstancia e o nome ou denominación social das mesmas, debendo constar este documento en cada unha das ofertas formuladas por todas as empresas vinculadas que concorran á licitación.

SOBRE «B»

OFERTA ECONÓMICA

a) Oferta económica.

Presentarse de acordo co seguinte modelo:

«D. _____, con domicilio para os efectos de notificacións en _____, r/ _____, núm. ____, con DNI _____, en representación da entidade _____, con CIF _____, xa que recibín unha invitación para a presentación de ofertas e estou informado das condicións e requisitos que se esixen para a adxudicación por procedemento negociado, do contrato do servizo de Prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación dunha brigada de prevención e defensa, fago constar que coñezo o prego que serve de base para o contrato e que o acepto integramente, que participo na licitación e que me comprometo a levar a cabo o obxecto do contrato polo importe de _____ euros e _____ euros correspondentes ao imposto sobre o valor engadido.

Cedeira, ____ de _____ de 2017

Sinatura do candidato

Asdo.: _____»

CLÁUSULA OITAVA. Garantía provisional

Non se esixe.

CLÁUSULA NOVENA. Aspectos obxecto de negociación coa empresa. Criterios de valoración.

Para a valoración das ofertas e a determinación da que sexa economicamente máis vantaxosa atenderase ó prezo do contrato:

▪ Prezo:

Puntos a outorgar: de 0 a 5 puntos.

Outogaranse 0 puntos as ofertas ó tipo de licitación, e a máxima puntuación ás proposicións que oferten o menor importe, puntuando proporcionalmente as restantes proposicións.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente Prego de cláusulas foi aprobado mediante a Resolución de Alcaldía núm. / 2017 de 12 de xullo.
Cedeira, 12 de xullo de 2017
A secretaria,
Ana Velo Ruiz



Expte.: 2017/C004/000001

Asunto: contrato de servizos de prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación dunha brigada de prevención e defensa

CLÁUSULA DÉCIMA. Regras Especiais Respecto do Persoal Laboral da Empresa Contratista

1. Corresponde exclusivamente á empresa contratista a selección do persoal que, reunindo os requisitos de titulación e experiencia esixidos no **Convenio de colaboración suscrito entre a Consellería de Medio Rural e o Concello de Cedeira para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de medios de prevención e defensa contra incendios forestais** de 28.06.2016, o cal forma parte integrante do presente prego de cláusulas administrativas xerais, formará parte do equipo de traballo adscrito á execución do contrato nos termos do devandito Convenio así como ás actuacións en materia de vixilancia e defensa contra os incendios forestais e actuacións en materia de prevención de incendios forestais (Anexos I e V) e formación mínima prevista (Anexo IV).

A empresa contratista procurará que exista estabilidade no equipo de traballo, e que as variacións na súa composición sexan puntuais e obedezan a razóns xustificadas, en orde a non alterar o bo funcionamento do servizo, informando en todo momento á entidade contratante.

2. A empresa contratista asume a obrigaón de exercer de modo real, efectivo e continuo, sobre o persoal integrante do equipo de traballo encargado da execución do contrato, o poder de dirección inherente a todo empresario. En particular, asumirá a negociación e pago dos salarios, a concesión de permisos, licenzas e vacacións, as substitucións dos traballadores en casos de baixa ou ausencia, as obrigaóns legais en materia de Seguridade Social, incluído o abono de cotizacións e o pago de prestacións, cando cumpra, as obrigaóns legais en materia de prevención de riscos laborais, o exercicio da potestade disciplinaria, así como cantos dereitos e obrigaóns se deriven da relación contractual entre empregado e empregador.

3. A empresa contratista será responsable da realización, previa á contratación do persoal integrante da brigada, dun recoñecemento médico e unha proba física de esforzo para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar, nos termos especificados no Convenio de colaboración suscrito entre a Consellería de Medio Rural e o Concello de Cedeira

4. A empresa contratista velará especialmente porque os traballadores adscritos á execución do contrato desenvolvan a súa actividade sen extralimitarse nas funcións desempeñadas respecto da actividade delimitada nestes pregos como obxecto do contrato. En particular, a integración da brigada no dispositivo de emerxencias do Distrito Forestal correspondente e atendendo as especificacións operativas do plan PLADIGA 2016.

5. A empresa contratista deberá designar polo menos a un coordinador técnico ou responsable integrado no seu propio cadro de persoal, que terá entre as súas obrigaóns as seguintes:

a). Recibir e transmitir calquera comunicación que o persoal da empresa contratista deba realizar á Administración en relación coa execución do contrato.

b). Distribuír o traballo entre o persoal encargado da execución do contrato, e impartir aos devanditos traballadores as ordes e instrucións de traballo que sexan necesarias en relación coa prestación do servizo contratado.

c). Supervisar o correcto desempeño por parte do persoal integrante do equipo de traballo das funcións que teñen encomendadas, así como controlar a asistencia do devandito persoal ao posto de traballo.

d). Organizar o réxime de vacacións do persoal adscrito á execución do contrato, debendo para ese efecto coordinarse adecuadamente á empresa contratista coa esta entidade contratante, a efectos de non alterar o bo funcionamento do servizo.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente Prego de cláusulas foi aprobado mediante a Resolución de Alcaldía núm. / 2017 de 12 de xullo.
Cedeira, 12 de xullo de 2017
A secretaria,
Ana Velo Ruiz



Expte.: 2017/C004/000001

Asunto: contrato de servizos de prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación dunha brigada de prevención e defensa

e). Informar á entidade contratante acerca das variacións, ocasionais ou permanentes, na composición do equipo de traballo adscrito á execución do contrato.

6. A brigada ocupará como espazo de traballo as dependencias ou instalacións proporcionadas polo Concello. Corresponde á empresa contratista velar polo correcto uso do persoal da brigada do devandito espazo.

7. Corresponderá a empresa contratista a formación sobre prevención e defensa contra os incendios forestais do persoal adscrito á execución do contrato, así como a dotación a dito persoal cos equipos obrigatorios de protección individual, vestiario, equipos roza mecanizada e ferramentas necesarias para realizar a súa función, todo elo de acordo co previsto no Convenio de colaboración suscrito entre a Consellería de Medio Rural e o Concello de Cedeira para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de medios de prevención e defensa de 28.06.2016.

8. A empresa contratista porá a disposición da brigada un vehículo todoterreo, en perfectas condicións mecánicas e de dotación, e que estará ó corrente de toda documentación e obrigas administrativas (ITV, poliza de aseguramento, impostos, etc). A empresa contratista será tamén responsable dos custos de combustible necesarios para a execución do contrato.

9. A empresa contratista deberá achegar coa primeira factura copia dos contratos formalizados e, no seu caso, a alta na Seguridade Social, xunto coa documentación xustificativa da operatividade da brigada, en particular, cadro do persoal da brigada, verificación de probas física, recoñecemento médico, formación, entrega de EPIs e ferramentas e documentación da operatividade do vehículo todoterreno (permiso de circulación, ITV e seguro vixente). Coa derradeira factura, deberá aportar igualmente copia dos modelos TC2 da Seguridade Social correspondentes á vixencia do contrato.

CLÁUSULA DÉCIMO PRIMEIRA. Mesa de contratación

A composición da mesa de contratación permanente constituída por acordo do Concello Pleno do día 28.04.2016 é a seguinte:

PRESIDENTE: O Alcalde: Pablo Diego Moreda Gil
Suplente: D. Manuel Pérez Riola

VOGAIS:
D^a. María José Rodríguez Pérez
Suplente: D^a. Manuela López Rodríguez

D. José Camilo Casal García
Suplente: Don Robustiano Labraña Barrero

A Secretaria da Corporación
Suplente: O funcionario que sexa nomeado Secretario accidental

O Interventor Municipal
Suplente: O funcionario que sexa nomeado Interventor accidental

O Arquitecto Municipal

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente Prego de cláusulas foi aprobado mediante a Resolución de Alcaldía núm. / 2017 de 12 de xullo.
Cedeira, 12 de xullo de 2017
A secretaria,
Ana Velo Ruiz



Expte.: 2017/C004/000001

Asunto: contrato de servizos de prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación dunha brigada de prevención e defensa

Suplente: O Arquitecto Técnico Municipal

SECRETARIA: D^a. María Montserrat Pérez Garrote, funcionaria encargada dos expedientes de contratación.

Suplente: D. Francisco Javier Zunzunegui Vázquez, funcionario.

CLÁUSULA DÉCIMO SEGUNDA. Prerrogativas da Administración

O órgano de contratación, de acordo co artigo 210 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ten as seguintes prerrogativas:

- a) Interpretación do contrato.
- b) Resolución das dúbidas que ofrezca o seu cumprimento.
- c) Modificación do contrato por razóns de interese público.
- d) Acordar a resolución do contrato e determinar os efectos desta.

CLÁUSULA DÉCIMO TERCEIRA. Apertura de ofertas. Ofertas desproporcionadas ou temerarias

En primeiro lugar, a Mesa procederá á apertura dos sobres A e calificará a documentación administrativa contida nos mesmos.

Si fose necesario, a Mesa concederá un prazo non superior a tres días para que o licitador corrixa os defectos ou omisións subsanables observados na documentación presentada.

En segundo lugar, a Mesa procederá, en acto público, á apertura dos sobres B que conteñen a oferta económica.

Á vista das ofertas económicas, a Mesa de Contratación propondrá o adxudicatario do contrato, e trasladará ao órgano de contratación as proposicións presentadas polos licitadores que se admitisen xunto coa acta e a proposta que estime pertinente.

A proposta de adxudicación non crea dereito algún a favor do licitador proposto fronte á Administración. Non obstante, cando o órgano de contratación non adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada, deberá motivar su decisión.

Consideraranse desproporcionadas ou temerarias as ofertas que se atopen nos supostos previstos no artigo 85 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

CLÁUSULA DÉCIMO CUARTA. Requirimento da documentación

O órgano de contratación requirirá ao licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa para que, no prazo de dez días hábiles contados desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente:

-A documentación a que se refire a cláusula 7 do presente prego (Sobre A)

-A documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, ou que autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente Prego de cláusulas foi aprobado mediante a Resolución de Alcaldía núm. / 2017 de 12 de xullo.
Cedeira, 12 de xullo de 2017
A secretaria,
Ana Velo Ruiz



Expte.: 2017/C004/000001

Asunto: contrato de servizos de prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación dunha brigada de prevención e defensa

diso, de dispoñer efectivamente dos medios que se comprometese a dedicar ou adscribir á execución do contrato, de acordo co artigo 64.2 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, e de ter constituída a garantía definitiva que sexa procedente.

- A documentación xustificativa de ter constituída unha garantía do 5% do importe de adjudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido, conforme ó previsto na cláusula seguinte.

CLÁUSULA DÉCIMO QUINTA. Garantía definitiva

Os que resulten adjudicatarios dos contratos deberán constituír unha garantía do 5% do importe de adjudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido.

Esta garantía poderá prestarse nalgunha das seguintes formas:

a) En efectivo ou en valores de débeda pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas nas normas de desenvolvemento desta lei. O efectivo e os certificados de inmovilización dos valores anotados depositaranse na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais encadradas nas delegacións de Economía e Facenda, ou nas caixas ou establecementos públicos equivalentes das comunidades autónomas ou entidades locais contratantes ante as cales deban producir efectos, na forma e coas condicións que as normas de desenvolvemento desta lei establezan.

b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento desta lei, por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que se deberá depositar nos establecementos sinalados na alínea a) anterior.

c) Mediante contrato de seguro de caución, suscrito na forma e condicións que as normas de desenvolvemento desta lei establezan, cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado do seguro deberase entregar nos establecementos sinalados na alínea a) anterior.

A garantía non será devolta ou cancelada ata que se produza o vencemento do prazo de garantía e se cumpra satisfactoriamente o contrato.

Esta garantía responderá aos conceptos incluídos no artigo 100 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

CLÁUSULA DÉCIMO SEXTA. Adjudicación do contrato

Unha vez recibida a documentación solicitada, o órgano de contratación deberá adjudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

En ningún caso poderá ser declarada deserta unha licitación se existe algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que recolle este prego.

A adjudicación, que deberá ser motivada, notificaráselles aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante.

A notificación deberá conter, en todo caso, a información necesaria que lle permita ao licitador excluído ou candidato descartado interpor un recurso suficientemente fundado contra a decisión de adjudicación. En particular, expresará os seguintes aspectos:

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente Prego de cláusulas foi aprobado mediante a Resolución de Alcaldía núm. / 2017 de 12 de xullo.
Cedeira, 12 de xullo de 2017
A secretaria,
Ana Velo Ruiz



Expte.: 2017/C004/000001

Asunto: contrato de servizos de prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación dunha brigada de prevención e defensa

- En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se desestimou a súa candidatura.
- Respecto dos licitadores excluídos do procedemento de adxudicación, tamén de forma resumida, as razóns polas cales non se admitiu a súa oferta.
- En todo caso, o nome do adxudicatario, as características e vantaxes da proposición do adxudicatario determinantes de que fose seleccionada a oferta deste con preferencia ás que presentasen os restantes licitadores cuxas ofertas fosen admitidas.
- Na notificación e no perfil do contratante indicárase o prazo en que debe procederse á formalización.

CLÁUSULA DÉCIMO SÉTIMA. Formalización do contrato

A formalización do contrato en documento administrativo farase dentro dos quince días hábiles seguintes á data da notificación da adxudicación; o dito documento constituirá título suficiente para acceder a calquera rexistro público.

O contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública e os correspondentes gastos correrán pola súa conta.

CLÁUSULA DÉCIMO OITAVA. Dereitos e obrigas do adxudicatario

O contrato executarase con suxeición ao establecido nas súas cláusulas e nos pregos, de acordo coas instrucións que o órgano de contratación lle dea ao contratista para a súa interpretación e con suxeición ao Plan de Actuacións da Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais, redactado e asinado polo Concelleiro de Medio Rural en data 22 de marzo de 2017, ao abeiro do convenio de colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Cedeira para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de brigadas de prevención e defensa, asinado con data 28 de xuño de 2016, que se incorpora como Anexo ós presentes pregos.

O contratista será responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

Ademais, son obrigas específicas do contratista as seguintes:

— O contratista está obrigado a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para iso (artigo 64.2 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro).

— Gastos esixibles ao contratista. Son pola conta do contratista os gastos e impostos do anuncio ou anuncios de licitación e adxudicación, ata o límite máximo de 500 euros, da formalización do contrato, así como calquera outros que resulten de aplicación, segundo as disposicións vixentes, na forma e contía que estas sinalen.

— O contratista está obrigado ao cumprimento dos requisitos previstos no artigo 227 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, para os supostos de subcontratación.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente Prego de cláusulas foi aprobado mediante a Resolución de Alcaldía núm. / 2017 de 12 de xullo.
Cedeira, 12 de xullo de 2017
A secretaria,
Ana Velo Ruiz



Expte.: 2017/C004/000001

Asunto: contrato de servizos de prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación dunha brigada de prevención e defensa

CLÁUSULA DÉCIMO NOVENA. Revisión de prezos

O prezo deste contrato dada a súa duración non poderá ser obxecto de revisión.

CLÁUSULA VIXÉSIMA. Prazo de garantía

O obxecto do contrato quedará suxeito a un prazo de garantía de tres meses, contado desde a data de recepción ou conformidade do traballo. Durante este prazo a Administración poderá comprobar que o traballo realizado se axusta ás prescricións establecidas para a súa execución e cumprimento e ao estipulado neste prego e no de prescricións técnicas. Unha vez transcorrido o prazo de garantía sen que se formulasen reparos aos traballos executados, quedará extinguida a responsabilidade do contratista.

Se durante o prazo de garantía se acredita a existencia de vicios ou defectos nos traballos efectuados, o órgano de contratación terá dereito a reclamar do contratista a súa emenda.

CLÁUSULA VIXÉSIMO PRIMEIRA. Execución do contrato

O contrato executarase con suxeición ao establecido neste prego de condicións e no prego de prescricións técnicas, e de acordo coas instrucións que lle dea ao contratista para a súa interpretación o órgano de contratación, e con suxeición ao Plan de Actuacións da Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais, redactado e asinado polo Concelleiro de Medio Rural en data 22 de marzo de 2017, ao abeiro do convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Cedeira para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de brigadas de prevención e defensa, asinado con data 28 de xuño de 2016, que se incorpora como Anexo ós presentes pregos.

CLÁUSULA VIXÉSIMO SEGUNDA. Modificación do contrato

Non se admite.

CLÁUSULA VIXÉSIMO TERCEIRA. Facturas

Conforme o establecido na disposición adicional trixésimo terceira do texto refundido da Lei de contratos do sector público, o contratista terá a obriga de presentar a factura que expedise polos servizos prestados ante o correspondente rexistro administrativo para os efectos da súa remisión ao órgano administrativo ou unidade a que lle corresponda a súa tramitación.

Na factura incluíranse, ademais dos datos e requisitos establecidos no artigo 72 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións públicas, os aspectos previstos no punto segundo da disposición adicional trixésimo terceira. No caso das entidades obrigadas a presentar facturas en formato electrónico, conforme a Lei

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente Prego de cláusulas foi aprobado mediante a Resolución de Alcaldía núm. / 2017 de 12 de xullo.
Cedeira, 12 de xullo de 2017
A secretaria,
Ana Velo Ruiz



Expte.: 2017/C004/000001

Asunto: contrato de servizos de prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación dunha brigada de prevención e defensa

25/2013, se remitiranse a través da plataforma FACe, a cal está adherida o Concello. A tal efecto o código DIR3 asociado ao Concello de Cedeira é L01150222 - Ayuntamiento de Cedeira, que se corresponde tanto á órgano xestor, como unidade tramitadora e oficina contable.

Admitirase a emisión de facturas mensuais polos servizos efectivamente prestados.

CLÁUSULA VIXÉSIMO CUARTA. Penalidades por incumprimento

— Cando o contratista, por causas imputables a él, incorra en demora respecto ao cumprimento do prazo total, a Administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias previstas no artigo 212.4 do TRLCSP: de 0,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato.

Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5% do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á súa resolución ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

— Cando o contratista, por causas imputables a él, incumpra a execución parcial das prestacións definidas no contrato, a Administración poderá optar, indistintamente, pola súa resolución ou pola imposición das penalidades establecidas anteriormente.

— Cando o contratista incumpra a adscrición á execución do contrato de medios persoais ou materiais suficientes para iso, imponense penalidades na proporción do 10 por cento do orzamento do contrato.

As penalidades imponense por acordo do órgano de contratación, adoptado por proposta do responsable do contrato, se houber un designado, que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas mediante a dedución das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, se lle deban aboar ao contratista ou sobre a garantía que, de ser o caso, se constituíse, cando non poidan ser deducidas das mencionadas certificacións.

CLÁUSULA VIXÉSIMO QUINTA. Resolución do contrato

A resolución do contrato producirase nos supostos que se sinalan neste prego e nos fixados nos artigos 223 e 308 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, e será acordada polo órgano de contratación, de oficio ou por instancia do contratista.

Cando o contrato sexa resolto por culpa do contratista, incautaranse da garantía definitiva, sen prexuízo da indemnización polos danos e perdas orixinados á Administración no que excedan do importe da garantía.

CLÁUSULA VIXÉSIMO SEXTA. Réxime xurídico do contrato

Este contrato ten carácter administrativo e a súa preparación, adjudicación, efectos e extinción rexeranse polo establecido neste prego; para o non previsto nel, serán de aplicación o texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro; o Real decreto 817/2009, do 8 de maio, e o Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, en todo o que non se opoña ao texto

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente Prego de cláusulas foi aprobado mediante a Resolución de Alcaldía núm. / 2017 de 12 de xullo.
Cedeira, 12 de xullo de 2017
A secretaria,
Ana Velo Ruiz



Expte.: 2017/C004/000001

Asunto: contrato de servizos de prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación dunha brigada de prevención e defensa

refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, e estea vixente tras a entrada en vigor do Real decreto 817/2009. De maneira supletoria, aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na falta delas, as normas de dereito privado.

A orde xurisdiccional contencioso-administrativa será a competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes deste contrato, de conformidade co disposto no artigo 21.1 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Cedeira, asinado dixitalmente na data que figura na marxe.
O alcalde

Asdo.: D. Pablo Diego Moreda Gil

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente Prego de cláusulas foi aprobado mediante a Resolución de Alcaldía núm. / 2017 de 12 de xullo.
Cedeira, 12 de xullo de 2017
A secretaria,
Ana Velo Ruiz



Expte.: 2017/C004/000001

Asunto: contrato de servizos de prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación dunha brigada de prevención e defensa

ANEXO I
MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE
SOBRE CUMPRIMENTO DE REQUISITOS PREVIOS

DON/DONA.....con domicilio
en CP....., provisto de D.N.I.
nº en nome propio ou en nome e representación
de.....

SINALA como datos do licitador os seguintes:

Nome e apelidos ou denominación
social.....NIF.....
teléfono.....fax.....correo
electrónico.....

Dirección para notificacións.....

MANIFESTA a súa vontade de participar na licitación do contrato
de.....

SOLICITA que se considere presentada en tempo e forma a documentación que presenta en
sobrelos A, B e C e admítase a súa participación como licitador, e

DECLARA BAIXO A súa RESPONSABILIDADE:

- 1. Que ten plena capacidade de obrar e que conta coa habilitación empresarial ou profesional que,
no seu caso, é esixible para a realización da actividade ou a prestación que constitúe o obxecto do
contrato.
2. Que tratándose dunha persoa xurídica, as prestacións que constitúen o obxecto do contrato
quedan comprendidas nos fins, obxecto ou ámbito de actividade que lles son propios, ao amparo
dos seus estatutos ou regras fundacionais.
3. Que a empresa non se atopa comprendida en ningunha das causas de prohibición para contratar
enumeradas no artigo 60 do TRLCSP.
4. Que o que asina esta declaración, actúa no seu nome (ou en representación da empresa que
figura no encabezado).
5. Que reúne as condicións de solvencia económica e financeira e técnica e profesional esixidas no
prego.
6. Que a empresa :
- Está dada de alta e ao corrente no Imposto de Actividades Económicas no epígrafe
correspondente ao obxecto do contrato, ou se atopa nalgún dos supostos de exención regulados no
artigo 82 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido
da Lei reguladora da facendas locais.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente Prego de
cláusulas foi aprobado mediante a Resolución de Alcaldía núm. /
2017 de 12 de xullo.
Cedeira, 12 de xullo de 2017
A secretaria,
Ana Velo Ruiz



Expte.: 2017/C004/000001

Asunto: contrato de servizos de prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación dunha brigada de prevención e defensa

- *Atópase ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias coa facenda estatal e autonómica e das obrigacións coa Seguridade Social.*

- *Que non ten débedas en período executivo de pago co Concello de Cedeira, ou que se as ten, atópanse garantidas.*

7. *Que a empresa, no seu caso, figura inscrita nalgún dos seguintes rexistros (achégase o informe correspondente), cuxa inscrición está vixente á data actual:*

	Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado, con nº:.....
	Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, con nº:.....
	Rexistro voluntario de documentación de empresas contratistas da Deputación da Coruña, con nº:.....
	Outros:.....

8. *Que nos termos dos artigos 145.4 do TRLCSP e 86 do RD 1098/2001, de 12 de outubro, non concorre con empresas vinculadas conforme ao artigo 42.1 do Código de Comercio, ou de concorrer, as empresas vinculadas, ou socios no que concorra algún dos supostos alternativos establecidos no artigo 42.1 do Código de Comercio, son as/os seguintes (CIF e denominación):*

- 1.....
- 2.....
- 3.....
- 4.....

9. *Que, de tratarse dunha empresa estranxeira (comunitarias ou non comunitarias), sométese á xurisdición dos Tribunais e Xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia de ser o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que lle puidese corresponder ao licitante (art.146.1.e do TRLCSP).*

10. *No caso de Unións Temporais de empresas, comprométese formalmente a constituíla no caso de resultar adxudicatarios, de conformidade con art. 59 do TRLCSP e o establecido no presente prego, polas seguintes empresas e coa participación que a continuación se indica (CIF, denominación e porcentaxe de participación):*

- 1.....
- 2.....
- 3.....

11. *Que coñece e acepta cantas obrigas derívanse deste Prego de cláusulas administrativas particulares do presente contrato, así como do proxecto e documentación técnica que o entrega.*

Lugar, data e sinatura do propoñente.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente Prego de cláusulas foi aprobado mediante a Resolución de Alcaldía núm. / 2017 de 12 de xullo.
 Cedeira, 12 de xullo de 2017
 A secretaria,
 Ana Velo Ruiz



Expte.: 2017/C004/000001

Asunto: contrato de servizos de prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación dunha brigada de prevención e defensa

ANEXO II

PLAN DE ACTUACIÓNS DA BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA

CONTRA INCENDIOS FORESTAIS

Redáctase o seguinte Plan de Actuacións, ao abeiro do Convenio de colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Cedeira para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de brigadas de prevención e defensa, asinado con data 28 de xuño de 2016.

DESCRIPCIÓN DOS TRABALLOS:

A Brigada realizará traballos de vixilancia, defensa e prevención contra incendios forestais.

Nos traballos de vixilancia e defensa contra incendios forestais a Brigada colaborará prioritariamente con respecto a outros traballos na defensa contra os incendios forestais integrándose no dispositivo do Distrito Forestal onde se sitúe o concello, segundo o disposto no artigo 47 da lei 43/2003 de montes e no artigo 48.6 da lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. Así mesmo, cando concorran razóns extraordinarias, poderán colaborar na defensa de incendios declarados noutros ámbitos territoriais, dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo da correspondente indemnización polos gastos ocasionados.

Os traballos preventivos van encamiñados a diminuír o risco de propagación e minorar os danos dos incendios no caso de producirse. Estes traballos desenvolveranse en faixas de xestión da biomasa ou nos terreos forestais de titularidade municipal ou de propietario descoñecido, así como en vías e camiños forestais da súa titularidade cando non sexa posible mecanizar estes traballos.

Os traballos consistirán en actuacións manuais en vías e camiños forestais, áreas cortalumes e faixas da xestión da biomasa mediante roza, rareo e eliminación de restos, cun mínimo de 10,03 Has. nos tres meses de operatividade da brigada ou da súa parte proporcional. Os restos procedentes destes traballos trituraranse mecanicamente, ou no caso de que non fose técnicamente posible, poderán quedar acordados.

Na seguinte táboa aparece detallado o plan de actuacións dos traballos preventivos manuais no Concello de Cedeira:

PARROQUIA	LUGARES (ref. plano)	Lonxitude (m)	Tipo (*)
CERVO	1. Camiño de Trasmonte - Areosa	987 m	A
	2. Camiño de Cortes - Tarroiba	2826 m	A
	3. Camiño de Filgueiras - Pocareira	864 m	A
	4. Camiño de Eira de Marcadas - Pena Cancela		

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente Prego de cláusulas foi aprobado mediante a Resolución de Alcaldía núm. / 2017 de 12 de xullo.
Cedeira, 12 de xullo de 2017
A secretaria,
Ana Velo Ruiz



Expte.: 2017/C004/000001

Asunto: contrato de servizos de prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación dunha brigada de prevención e defensa

PARROQUIA	LUGARES (ref. plano)	Lonxitude (m)	Tipo (*)
	5. Camiño de Magoira - Espiñaredo 6. Camiño de Eirado - Peicarón 7. Pista polideportiva de Cervo 8. Camiño de Remesal- Corredoira 9. Finca en Nebril 10. Camiño de Trasmonte - Ardilosa	1380 m 1300 m 550 m 100 m 450 m 100 m 650 m	A A B A B A A
ESTEIRO	11. Camiño de Ardeón - Cordobelas 12. Camiño de Fontefría – Campelo 13. Camiño de Porto - Os Freires 14. Camiño de Sisalde – Veciñeira 15. Camiños en Robaleira 16. Camiño das Pedras - Sisal de cativo	450 m 1400 m 850 m 400 m 2400 m 450 m	B A B A A A
MONTOXO	17. Colexio de Figueiras 18. Camiño de a Ferrería -Vilarnovo 19. Camiño de Vilarnovo - Braxe 20. Camiño de Muruxas - Capelada 21. Camiño na Carballa 22. Camiño en Porto Vello 23. Camiño Real da Cheda de Abaixo - Figueiras 24. Camiño en Montoxo Vello 25. Camiño de Valvis -Apurrei	100 m 300 m 600 m 400 m 500 m 150 m 650 m 1000 m 1550 m	A A B B A A A A A
RÉGOA	26. Camiño da Formigueiro – Cruz do Carballal 27. Camiño na Painceira 28. Pista Polideportiva Régoa 29. Camiño de Barrosas - Batán ● 30. Camiño de Batán - Toxo ● 31. Camiño debaixo do Coto ● 32. Camiño de Teixedelo – San Andrés de Teixido	800 m 350 m 100 m 850 m 1500 m 550 m 900 m	A A A A A A B
SAN ROMÁN	● 33. Camiño de Veciñeira - Caudales ● 34. Camiño do Lodeiro - Presa 35. Camiño en Campolongo	1350 m 250 m 900 m	A A A
PIÑEIRO	36. Camiño de Balbis – Costeiras- Bailouro 37. Camiño de Bailouro – Pena do Sartego	500 m 700 m	A A

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente Prego de cláusulas foi aprobado mediante a Resolución de Alcaldía núm. / 2017 de 12 de xullo.
Cedeira, 12 de xullo de 2017
A secretaria,
Ana Velo Ruiz



Expte.: 2017/C004/000001

Asunto: contrato de servizos de prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación dunha brigada de prevención e defensa

PARROQUIA	LUGARES (ref. plano)	Lonxitude (m)	Tipo (*)
	38. Camiño de Bailouro - Peneiro 39. Camiño de Igrexa vella de Piñeiro -Diamantel 40. Camiño de Seixo de abaixo - A Trabe 41. Camiño de Freixido – Candaes 42. Camiño real de Piñeiro - Pista Igresario Freixido 43. Camiño de río Sarandós - Breixo	1000 m 900 m 900 m 2550 m 1700 m 900 m	A A A B A A
CEDEIRA	44. Finca no Sarridal 45. Finca nas Sonreiras ▪ 46. Camiño de Campo do Castro - San Antonio ▪ 47. Camiño en San Antonio	200 m 200 m 350 m 900 m	A A B A

(ref. Tipo superficie)

- A) Pendente menor 50% e diámetro basal igual ou menor a 3 cm
- B) Pendente igual ou superior ao 50% e diámetro basal da matogueira igual ou inferior a 3 cm
- C) Pendente inferior ao 50% e diámetro basal da matogueira comprendido entre 3 e 6 cm
- D) Pendente igual ou superior ao 50% e diámetro basal da matogueira comprendido entre 3 e 6 cm

Cedeira, 22 de marzo de 2017

O Concelleiro Delegado de Medio Rural e Participación Cidadá

Manuel Pérez Riola

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente Prego de cláusulas foi aprobado mediante a Resolución de Alcaldía núm. / 2017 de 12 de xullo.
Cedeira, 12 de xullo de 2017
A secretaria,
Ana Velo Ruiz